

Museo de Pontevedra

Actividade: Saída ao museo de Pontevedra

Nesta actividade o alumnado vai coñecer a historia de Galicia a través dunha visita guiada polo museo de Pontevedra, con diversas actividades para cada nivel.

Destinatarios: Alumnado de infantil, 1º-2º, 3-4º.

Duración aproximada: De 9:30 ás 13:30

Data: 31 de maio.

Descrición da actividade:

Saímos ás 9:30 da mañá no bus a Pontevedra, unha vez chegamos ao museo dividirinos por grupos en función do noso curso. As visitas que realizamos foron as seguintes:

EDUCACIÓN INFANTIL	Mira que te miro	Visita participativa dirixida a aprender a observar unha obra de arte, xerando estímulos que axuden a experimentar cos sentidos: vista, tacto e oído.
1º e 2º EP	Trea, a miña amiga da prehistoria	Visita dinamizada conducida por Trea, unha boneca que viaxou no tempo para contarnos como era a vida cotiá hai milleiros de anos.
3º e 4º EP	Detectives da arte	Visita dinamizada na que, a través dun xogo de investigación e busca, trabállanse conceptos fundamentais da arte e aprendemos por medio da observación. Produciuse un roubo no Museo e os nenos/as Terán que atopar aos culpables.

